O Programa Comenius ten por obxecto reforzar a dimensión europea no campo da educación, promovendo actividades de cooperación entre centros educativos de Europa.

Os proxectos ofrecen o alumnado e o profesorado dos diferentes países a oportunidade de traballar xuntos nun ou en máis campos temáticos de interese mutuo.

As asociacións de centros escolares axudan ao alumnado e ao profesorado a mellorar as súas competencias non so no tema ou na área principal na que se centra o proxecto, senón tamén en termos de traballo en equipo, relacións sociais, planificación e actividades de participación en proxectos e no uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Participar nunha asociación con centros educativos de diferentes países tamén ofrece o alumnado e o profesorado a oportunidade de practicar idiomas e aumentar a súa motivación para o aprendizaxe de linguas.

O IES Afonso X O Sabio leva anos participando neste programa, desenvolvendo diferentes proxectos con centros de Sicilia, Turquía, etc. O longo deste curso, estudiantes que participaron en anteriores convocatorias mostraran na hora de titoría ós seus compañeiros unha presentación con fotos da súa estancia en diferentes países e anteriores proxectos levados a cabo.

E novamente neste curso 2010-2011 concedéuselle ó noso centro: "IES Afonso X O Sabio" outra Asociación Comenius, para traballar con outros cinco centros europeos durante dous anos. O proxecto titúlase "Health, getting fit for Europe", a lingua de traballo é o inglés e nel traballamos alumnos de 4º e de 1º de Bacharelato.

Xunto co IES Afonso X O Sabio de Cambre (A Coruña) participan os seguintes centros: (o centro alemán é o coordinador)

FRANCE : Lycée le kreisker Saint Pol de Léon

ITALY: Istituto comprensivo Paolo Balsamo Castrofilippo / Sicilia

POLAND : Gimnazjum nr 6 w Mysłowicach

LITHUANIA: kelmes j.graiciuno gimnazija Kelme

GERMANY: Realschule Tamm Tamm

Con este proxecto"Health, getting fit for Europe" trátase de promover hábitos saudables entre os alumnos dos centros participantes. Nós, os alumnos do IES Afonso X O Sabio practicamos durante este curso moitas actividades físicas: fútbol, beisbol, acrosport, badminton, voley, sendeirismo, patinaxe sobre xeo, condición física, xogos populares, judo, traballo con fitballs, natación, orientación, etc, e estamos a elaborar un vídeo onde as mostraremos.

Alumnos deste centro viaxaron, xunto con dúas profesoras, a Saint Pol de Léon do 18 ó 22 de Outubro de 2010, alí, participaron xunto con outros estudiantes no proxecto: "Sea and Health" e conviviron durante estes cinco con alumnos franceses.

Visitaron Roscoff, un pobo próximo a Saint Pol de Léon, onde ademais de realizar unha visita cunha guía que lles explicou a historia deste pobo, estiveron en Thalado, un museo especializado en algas onde asistiron a unha conferencia sobre algas e saúde. Traballaron en grupo sobre a saúde, recorreron Thalassotherapy un balneario perto do mar; visitaron un centro de investigación de Bioloxía mariña xestionado conxuntamente polo CNRS e a Universidade Pierre et Marie Curie onde lles falaron da importancia da bioloxía mariña.

Practicaron unha actividade de vela dependente do centro náutico Saint Pol de Léon. No Lycee asistiron a unha clase de español, onde viron o nivel de español dos alumnos franceses. Tamén no Lycee fixeron unha cea onde degustaron pratos típicos dos outros países.

En resumo, que practicaron idiomas como o inglés e francés, traballaron e coñeceron ó resto de alumnos estranxeiros (3 lituanos, 5 italianos, 5 alemáns, os polacos non puideron asistir)) e franceses cos que ademais pasaron uns días que non poderán esquecer. Foron moi ven recibidos polas familias nas que pasaron estes días, que compartiron con eles o seu tempo libre.

Está previsto que durante os primeiros días de Xuño un grupo de alumnos, viaxe, xunto con tres profesoras a Alemaña, onde expoñerán un vídeo sobre as diferentes actividades físicas que practican, e outro referente ó nocivo hábito do tabaco, que estamos a facer.

Durante o mes de Outubro do curso 2011-2012 irán a Lituania outro grupo de alumnos, aínda por determinar, acompañados de tres profesoras.

FRANCE : Lycée le kreisker Saint Pol de Léon

POLAND : Gimnazjum nr 6 w Mysłowicach

Istituto comprensivo Paolo Balsamo Castrofilippo / Sicilia

LITHUANIA: kelmes j.graiciuno gimnazija Kelme

GERMANY: Realschule Tamm Tamm

SPAIN: IES “Afonso X O Sabio” Cambre A Coruña.